

Os **T**opónimos son os nomes que lles damos aos lugares polos que pasamos: terreos, toxeias, cons, regatos, ríos, outeiros, campos, brañas... Sempre expresan algo significativo do lugar: sobre a vexetación, sobre a persoa propietaria, sobre a orografía, sobre lendas asociadas...

Toda unha enorme cantidade de valiosa información que nos permite aprender de nosoutros como pobo e como cultura mesma.



Do **A**lto da Serra a  
**Z**afarina:  
Meis en  
**microtopónimos**

**Axúdanos?**



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA





O EDNL do **CPI do Mosteiro-Meis** acaba de involucrarse no proxecto *Galicia Nomeada* que promove a **Real Academia Galega** (RAG) en colaboración coa **Xunta de Galicia** para recoller, organizar e poñer en valor os microtopónimos do noso Concello

Para isto a RAG e a Xunta de Galicia desenvolveron unha app que permite, de maneira moi doada, recoller os topónimos e situalos sobre un mapa.

Os nomes dos lugares para os galegos non son un asunto menor: **vivimos no territorio de Europa onde maior concentración de topónimos existe por metro cadrado**. Por iso, a Real Academia Galega propuxo que a nosa toponimia fose recoñecida como Patrimonio Inmaterial da Humanidade pola **UNESCO**.

**Axudamos a conseguilo?**

## COMO PARTICIPAR?

**1** Escanea o seguinte código QR.

**2** Cubre o formulario.



Accede xa ao formulario!



Videotutorial

**3** Tes dúbidas?



Consulta o titorial.

**4**

Podes mandar todos os microtopónimos que queiras!